

2024



5º SUPERCAMPIONATO R5 RECALVI-PIRELLI 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 ORGANIZACIÓN.

ARTIGO 2 COMITÉ ORGANIZADOR.

ARTIGO 3 ASPIRANTES.

ARTIGO 4 VEHÍCULOS ADMITIDOS.

ARTIGO 5 INSCRICIÓN.

ARTIGO 6 PRUEBAS PUTUABLES.

ARTIGO 7 PREMIOS.

ARTIGO 8 PUNTUACIONES.

ARTIGO 9 PUBLICIDADE.

ARTIGO 10 COMISARIO DE SEGUIMIENTO.

ARTIGO 11 PNEUMÁTICOS.

ARTIGO 12 POSTOS DE SAÍDA.

Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.

“RECALVI, S.L.”, Federación Galega de Automobilismo, e “Pirelli Neumáticos, S.A.U.” organizan para o ano 2024 o **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024**.

O presente Regulamento complementarase co ANUARIO DE GALICIA 2024, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento, coa expresa finalidade de estimular a participación nas competicións automobilísticas de Galicia.

Artigo 2.- COMITÉ ORGANIZADOR.

O Comité Organizador ten entre as súas competencias a de emitir anexos que formarán parte do presente regulamento, modificalo, interpretalo e tamén resolver tódolos casos non previstos.

Os devanditos anexos e modificacións, deberán ser aprobados pola Federación Galega de Automobilismo e publicados na web:

<http://www.fga.es/>

O comité estará integrado por un representante da Federación Galega de Automobilismo, un representante de “Pirelli Neumáticos, S.A.U.”, e un representante de RECALVI, S.L.

Nas probas puntuables haberá un comisario representante do Comité que coidará de informar a tódolos participantes sobre a interpretación do presente Regulamento, e de transmitir ó Comité os problemas e incidencias que se plantexen, así como de controlala perfecta ubicación da publicidade nos vehículos, e da monta correcta dos pneumáticos.

Artigo 3.- ASPIRANTES.

Os aspirantes a participar no **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** teñen que reuni-las seguintes condicións:

- 1.- “RECALVI, S.L.”, a Federación Galega de Automobilismo, e “Pirelli Neumáticos, S.A.U.” resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición no **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** sen ter que xustificalo.
- 2.- Licenzas: Posúilas licenzas dacordo co Anexo I do Anuario da F.G. de A. que habilite o concursante, piloto e copiloto a participar nas probas indicadas no art 6.
- 3.- Os pilotos e copilotos participantes dentro das copas PIRELLI, deberán asistir as entrega de premios, entrevistas en medios de comunicación e actos promocionais, portando a indumentaria subministrada por PIRELLI que se lles entrega durante a tempada, o non cumprimento da norma implicará a perda dos puntos e premios en metálico a que puidera optar en dita proba.
- 4.- Para puntuar o piloto inscrito ten que conducir o 100% dos treitos cronometrados.
- 5.- Todo piloto, copiloto, ou membro do equipo, que non facilite ou non autorice a Verificación Técnica do seu vehículo, será sancionado coa descalificación inmediata da proba, e darase traslado ao Tribunal Galego de Apelación da F.G.A. para a apertura do correspondente expediente disciplinario.
- 6.- O equipo que resulte descalificado dunha proba por motivos deportivos ou técnicos (prescricións xerais do regulamento xeral), non poderá optar a ningunha atribución de puntos nin premios en metálico da proba correspondente.
- 7.- Se a descalificación fose por motivos técnicos implicará a exclusión definitiva da copa ou trofeo no que participe e se fose por motivos deportivos en función da gravidade poderá ser excluído da copa, trofeo u campionato.

Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS:

O **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** está aberto a tódolos vehículos do grupo R5, Rallye 2, con normativa FIA, con verificación obrigatoria polos Comisarios Técnicos designados pola Federación Galega de Automobilismo da válvula pop-off e do catalizador, agás R5 Plus que non será admitido a participar nin puntuar.

Artigo 5.- INSCRICIÓN:

Unha vez aceptada a inscrición no **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** o participante estará oficialmente inscrito neste.

Tódolos interesados en inscribirse no **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario “online” sita na:

<http://www.fga.es/formularios/index.php/>.

O prazo de inscrición estará aberto ata 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta. Non optarán a premios en metálico nin os puntos, aqueles que non formalicen a súa incrición no prazo estipulado.

Artigo 6.- PROBAS PUNTUABLES:

Para o **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** serán puntuables as probas seguintes:

DATA	PROBA	ESCUDERÍA
15/16/17-03-2024	28º RALLYE DE A CORUÑA	ONE SEVEN RACING
05/06/07-04-2024	28º RALLYE DO COCIDO	LALIN-DEZA
19/20/21-04-2024	38º RALI BERBERECHO DE NOIA	BERBERECHO
10/11/12-05-2024	6º RALLYE MARIÑA LUCENSE	MIX RALLYE SPORT
31/06-01/02-06-2024	6º RALLYE DE PONTEVEDRA	CONGOSTRA T. SANXENXO
12/13/14-07-2024	20º RALLYE SUR DO CONDADO	SURCO
20/21/22-09-2024	12º RALLYE OURENSE RIBEIRA SACRA	LUIINTRA
18/19/20-10-2024	46º RALLYE SAN FROILAN	MIÑO LUCENSE
08/09/10-11-2024	4º RALLYE RIBEIRA-RIA DE AROUSA	RIBEIRA RIA DE AROUSA

Artigo 7.- PREMIOS:

.- En cada un dos Rallyes puntuables para o **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós premios en metálico nesa proba.

ORD.	PREMIOS POR PROBA
1º	3.100€
2º	2.500€
3º	1.700€
4º	1.200€
5º	900€
6º	500€
TOTAL:	9.900€

Tódolos premios deste apartado son concedidos por RECALVI, S.L., "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", e están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

Para optar ós premios en metálico será obrigatorio participar alomenos en dúas probas puntuables para o Campionato.

Premios finais SCRATCH no 5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024:

VENCEDOR PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
VENCEDOR COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN PILOTOS	TROFEO DE BRONCE
SUBCAMPIÓN COPILOTOS	TROFEO DE BRONCE

Serán entregados por Directivos de RECALVI, S.L., e Pirelli, na Gala de Entrega de premios anual da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- PUNTUACIÓN:

En cada unha das probas puntuables, para o **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024**, outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto.

8.1.- Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch da copa:

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

8.2.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.


8.3.- Os equipos que participen no "Super Rallye" non optarán ós puntos nesa proba.

8.4.- A clasificación final do **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024**, será establecida entre aqueles pilotos e copilotos que participasen nun número de probas igual a metade máis unha das probas celebradas. Para a puntuación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento descontando os tres peores resultados (de celebrarse os nove rallyes); si se celebran oito probas, ou menos, descontaranse os dous peores resultados para o computo final.

8.5.- Non se poderá descontar unha proba na que fose excluído.

Artigo 9.- PUBLICIDADE:

Tódolos vehículos participantes, e inscritos no **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** portarán un parasol na lúa dianteira, en exclusivo de RECALVI. Tódolos vehículos deberán portala publicidade (50x17cm.) seguinte:



Terá que portar na lúa traseira un parasol de Pirelli-Driver, superior ou inferior, onde se vexa máis. Baixo ningún concepto estará permitido recorta-la publicidade nin tapa-la parcialmente. O incumprimento implicará a perda dos puntos e premios no **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024** a tódolos efectos.

Artigo 10.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo control da publicidade e todo o concernente ó bo desenrolo e imaxe do **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024**, así como da comprobación do marcaxe dos pneumáticos, e do debido control da perfecta colocación das pegadas.

Artigo 11.- PNEUMÁTICOS:

- Tódolos vehículos terán que competir con pneumáticos de tipo:
- Pirelli PZERO nas versións RA, e RW
- Control de Pneumáticos: Queda terminantemente prohibido tapalos códigos FIA de cada pneumático e o seu composto.
- Admítense tódolos pneumáticos asimétricos comercializados por "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", e comercializados por AMF MotorSport, S.C.G., telf.: 986640715-607930393-616784863.
- Terá que adxuntarse unha factura orixinal, da compra de alomenos 6 pneumáticos, e posteriormente unha segunda de 4 pneumáticos, durante as tres carreiras seguintes "PIRELLI" (Artigo 3), ao axente designado por "Pirelli Neumáticos, S.A.U.", AMF MotorSport, S.C.G., telf.: 986 640 715 - 616 784 863. Para a tempada 2023 terán un selo (Código de Barras FIA) identificativo do que se levará un control estrito. O non posuílo implica a descalificación do **5º Super Campionato R5 RECALVI-PIRELLI 2024**.

Artigo 12.- POSTOS DE SAÍDA:

Os postos de saída na primeira proba a celebrar serán por clasificación final do Campionato de Galicia do ano anterior. A partir da segunda proba sairase por orde de clasificación no Campionato de Galicia de Rallyes 2024. Únicamente os Comisarios Deportivos o seu exclusivo criterio e por motivos de seguridade, poderán efectuar cambios na orde de saída dos participantes.